

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN ENCARGADA DE AVALIAR AS SOLICITUDES DE BOLSAS DE FORMACIÓN 2019 NO PARLAMENTO DE GALICIA

LUGAR: sala de ponencias C do edificio do Parlamento

DATA: 17 de setembro de 2019

HORA DE COMEZO: 12:00 h

HORA DE REMATE: 12:30 h

ASISTENTES:

Diego Calvo Pouso, presidente

Raquel Arias Rodríguez, vogal

Raquel Rodríguez Carro, vogal

Xermán García Cancela, vogal

Anxo Teixeiro Piñeiro, vogal

F. Javier Freire González, secretario

ORDE DO DÍA:

Punto primeiro.- Constitución da Comisión de valoración

Punto segundo.- Lectura das bases da convocatoria e informe do xefe do servizo de Persoal e Réxime Interior, encargado da instrución do procedemento.

Punto terceiro.- Exame das solicitudes e avaliación dos méritos dos aspirantes, segundo os criterios establecidos na base sétima apartado seis, e novena da convocatoria.

Punto cuarto.- Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS E ACORDOS ADOPTADOS

O Presidente inicia a reunión e da por constituída a Comisión segundo a base oitava apartado 3 da convocatoria.

A continuación dáse lectura das bases da convocatoria e se analizan os criterios de valoración da base novena. Establécese a necesidade de definir con máis precisión os anteditos criterios e despois de intercambiar opinións e escoitar as suxestións dos membros da comisión se aproban por unanimidade os criterios pormenorizados de valoración, que se inclúen no anexo desta acta.

O secretario da Comisión en calidade de xefe do Servizo de Réxime Interior informa das solicitudes recibidas para as distintas bolsas.

Advertido dun erro existente nas listaxes de admitidos na relación de bolsas, consistente en que a titulación universitaria de dúas persoas é anterior ao ano académico 2013-2014, aínda que co título expedido no 2014, a Comisión acorda a que se proceda a súa corrección coa conseguinte exclusión das persoas que se atopan en dita situación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA AS BOLSAS DE FORMACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA AÑO 2019

Reparto da puntuación de cada un dos apartados previstos na cláusula novena das bases da convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia. (BOPG núm. 485, do 10 de xuño de 2019, DOG núm. 113 , do 17 de xuño de 2019).

a) Criterios de valoración para as bolsas de formación de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, informática, xestión parlamentaria e asistencia administrativa e servizos comúns:

1.- Expediente académico: ata un máximo de **13 puntos**:

Puntuación en función da nota media do expediente académico.

2.- Formación académica adicional: ata un máximo de **5 puntos**.

- Outras licenciatura: 3,5 puntos.
- Diplomatura: 2 puntos.
- Grao de doutor ou doutora: 2,5 puntos
- Tesiña ou DEA: 1 punto.
- Técnico superior en formación profesional: 1 punto por título.
- Estudos de postgrao/Máster/Título de experto ou especialista universitario:
 - con acreditación de 500 ou más horas: 1,5 puntos por máster.
 - con acreditación de entre 250 e 499 horas: 1 punto por máster.
 - con acreditación de ata 249 horas: 0,5 puntos por máster .
- Experto universitario ou especialista universitario: 0,5 puntos

3.-Outros estudos e experiencias relacionadas coa materia obxecto da bolsa de formación: ata un máximo de **1 punto**.

- Cursos de informática: ata 0,25 puntos.

Cursos de máis de 100 horas asígnaselle 0,25 puntos. Curso por debaixo das 100 horas reparto proporcional segundo o número de horas.

- Outros cursos relacionados coa bolsa de formación: ata 0,25 puntos.